

Documentación audiovisual sobre proxectos de transformación cooperativa en Guinea Bissau.

<http://blip.tv/olholivre/a-casa-da-unidade-5010617>

Data: Agosto de 2010

Promoción: Federação camponesa KAFO/Paz y Desarrollo ONGD

Realización: Antón Gómez-Reino, Antonio Tarela.

Deseño e elaboración de documentación audiovisual de sensibilización sobre proxectos de transformación cooperativa en Guinea Bissau, África.

“A Casa da Unidade: voces da tabanca na Guinea-Bissau”, é un documento recollido nun DVD que artella unha vídeo-reportaxe de algo máis dunha hora, documentación técnica sobre os proxectos de cooperación da ONGD Paz y Desarrollo no país africano e galerías gráficas sobre os mesmos.

O obxecto do traballo foi recoller e documentar de forma gráfica e audiovisual o marco de transformación social que os proxectos financiados pola Cooperación Galega producen no ámbito rural das rexións do Oio, Cacheu e Bafatá. O marco de intervención constrúe un relato do común das experiencias da poboación adherida á Federação Camponesa KAFO, que traballa nos ámbitos da soberanía alimentaria, o xénero, e o empoderamento e organización das comunidades labregas do país.

